



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE XUÑO DE 2018, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D <sup>a</sup> . MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D <sup>a</sup> . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN D <sup>a</sup> : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
(Escusa asistencia)	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE D <sup>a</sup> , MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e sete de xuño de dous mil dezaoitto, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede da acta da sesión anterior (30/05/2018).**

Dáse conta da acta do pleno celebrado o 30/05/2018 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE con motivo da crise humanitaria do buque Aquarius con 629 migrantes a bordo para que o concello de Vedra axude na recollida de persoas refuxiadas.**

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE na que se expón que o Pleno do Concello en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2015 aprobou, por unanimidade, a Declaración Institucional sobre a situación e acollida das persoas refuxiadas na Unión Europea, que representa unha clara declaración de intencións e a vontade clara e firme de colaborar nas posibles solucións e alternativas á recepción e aloxamento das familias afectadas. No mesmo pleno a Presidencia informa que o concello xa lle transmitira á Fegamp a súa dispoñibilidade para acoller familias.

O Pleno do Concello en sesión celebrada o 20 de xaneiro de 2016 acordou incluír na Declaración Institucional un anexo remitido por Amnistía Internacional e o 30 de marzo de 2016 aprobou unha moción presentada polo PSdeG-PSOE, na que manifesta o seu rexeitamento ao acordo acadado entre os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea con Turquía que contempla a devolución a Turquía de todas as persoas



emigrantes –incluídas as persoas demandantes de asilo sirios e de calquera nacionalidade que cheguen á Unión Europea.

Con isto o Concello de Vedra quixo amosar a súa desconformidade co ocorrido na crise humanitaria de persoas refuxiadas que se agudizou no 2015, e o seu compromiso e dispoñibilidade de acollida de familias refuxiadas en Vedra, concretamente a tres familias, e proporcionarlle toda a axuda necesaria para integrarse na sociedade.

A principios deste mes de xuño o buque Aquarius rescatou a 629 migrantes no mar Mediterráneo, que foron desprezados polos distintos gobernos de Europa e que lle deron as costas a migrantes e tripulación, decretando o Presidente do Goberno que se acollese a 629 persoas en España. Ata o momento 200 concellos de toda España expresaron á Femp a súa dispoñibilidade de acollida das persoas migrantes deste buque.

Por todo iso propoñen ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao Goberno de Vedra a que remita por escrito á Femp o seu compromiso de acollida de familias de migrantes do buque Aquarius.

2º.- Solicitar ao Concello de Vedra a creación dun “Rexistro Municipal de familias de acollida de refuxiados” para facer fronte á crise humanitaria dos 629 migrantes do buque Aquarius.

O Sr. Lema do PP expón que o seu grupo non está de acordo co contido do parágrafo terceiro da parte expositiva e con que se diga que o Concello non cumpriu co seu compromiso, cando o único que ocorreu é que as tres familias que se aprobou acoller en ningún momento ningún organismo solicitou ese acollemento.

Acórdase que quede redactado do seguinte xeito: “Por todo o exposto anteriormente e tendo en conta que o Concello de Vedra segue co seu compromiso de acollida de familias refuxiadas.....”

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE di que esta moción está motivada porque no seu momento se incumpriu por parte do goberno central, sobre todo, o compromiso de acollida de 17.000 refuxiados en toda España.

Debido a que isto é unha crise problemática que está a coller novos pulos, que tamén sufriron os españois no seu momento e pode volver pasar no futuro, queren presentar o seu compromiso para acoller as familias refuxiadas.

Por todo isto insta ao concello de Vedra a que remita á Fegamp o seu compromiso, como fixeron outros 200 concellos, e solicita a creación dun Rexistro Municipal de familias de acollida de refuxiados, como fixo entre outros o concello de Boqueixón. Así mesmo gustaríaalles que inclúisen un terceiro punto na moción que sería a publicación no Boletín Municipal e demais medios dos que dispoña o concello, a creación dese rexistro.

A Presidencia replica que a xente de Vedra sempre foi acolledora e sensible a este tipo de situacións. Ao mesmo tempo, dubida que o tema de que as familias acaben nun concello ou noutro, en España ou fóra dela, sexa debido a un tema de cor política dun partido determinado; cre que é un tema bastante máis complicado que a vontade dun goberno.

Cre que coa vontade dos concellos para acoller ás persoas refuxiadas non abonda; depende da capacidade que se teña, e ás veces tendo esa capacidade, os propios organismos que xestionan este tema son os que deciden que vaian a un sitio ou a outro.

O 15 de xuño chegaron ao concello unhas fichas para cubrir os datos do concello referentes a este tema, como a habitabilidade, onde van estar, a accesibilidade, tipo de recursos, etcétera.



Sinala que en canto ás posibilidades de aluguer hai agora menos opcións que hai dous ou tres anos; pero o concello de Vedra segue mantendo ese compromiso de acollemento manifestado no seu momento.

Indica que non sabe moi ben como se articula o Rexistro Municipal de familias de acollida de refuxiados, polo que cre que é mellor que se xunten os diferentes partidos para ver como se pode facer operativo este tema.

Expresa o seu desexo de que se poida acoller e anuncia o voto a favor á moción presentada ao respecto-

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE di que non van usar este tema de xeito partidista, e con esta moción só pretenden darlle continuidade ao compromiso adquirido no seu momento de acoller a tres familias e ampliar ese compromiso co Rexistro Municipal de familias de acollida de refuxiados. Así mesmo, manifesta que está de acordo con que a xente de Vedra mostrou máis dunha vez a súa humanidade e compromiso con estes temas.

Posta a votación a citada moción, apróbase por unanimidade dos asistentes.

### **3º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

A Presidencia di que respecto á reunión con motivo das melloras nos locais dos partidos políticos, que esta non se puido levar a cabo por motivos de horarios e quere aproveitar a semana seguinte para atender as distintas peticións respecto dos locais.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto dos desfibriladores a instalar nos lugares acordados di que xa están mercados e que chegarán nos próximos días e procederase á súa instalación.

2º.- Respecto ás preguntas sobre a brigada verde municipal di que actualmente está formada por dúas traballadoras para atender a todo o termo municipal, por iso ás veces é necesario contratar algún autónomo ou empresa cando o volume de traballo é elevado e non é posible atendelo con esas dúas traballadoras.

Sobre a limpeza de fontes, lavadoiros, etcétera sinala que moitas veces debido ao escaso ou nulo uso dos mesmos, se realmente se usaran evitaríase a proliferación de maleza, é imposible mantelos todos limpos de seguido. Máis dunha vez algunha parroquia solicitou a limpeza dalgunha fonte ou lavadoiro e despois ninguén a usou en todo o ano. Hai que ter en conta que no termo municipal son moitos os bens que requiren de limpeza, mantemento e conservación e algúns deles son prioritarios debido á afluencia de persoas como as rutas de sendeirismo, os parques, as zonas axardinadas de edificios públicos, etcétera.

En canto á herba no tellado dos muíños, di que é inevitable tendo en conta a contorna na que se atopan, húmida e sombría. Non cre que afecte ao estado dos mesmos, pero tan pronto como poidan e teñan medios acometerán esas limpezaas.

Respecto da subvención para contratación de persoal, sinala que nos últimos días o concello está realizando simultaneamente tres procesos de selección para xardineiros e albaneis dentro do programa PEL 2018, Aprod Rural da Xunta de Galicia e o da Risga da Xunta de Galicia.

Estes programas, nas súas ordes de convocatoria, indican o sistema de selección que é oferta pechada da oficina de emprego. Agora mesmo están repetindo o proceso de selección do PEL 2018 da Deputación de A Coruña xa que, a pesares que enviaron da oficina do INEM varios candidatos para cada posto, só se puido cubrir unha praza de albanel e unha de xardineiro das tres que estaban concedidas. Os motivos foron varios,



dende a falta de experiencia dos candidatos preseleccionados; é dicir, non se pode solicitar experiencia na oferta de emprego, pero si que saiban traballar tan axiña entran a formar parte do cadro de persoal, e polo tanto os candidatos non superan na maior parte dos casos o proceso de selección; ou desisten de facer a proba; ou ben non cumpren os requisitos da convocatoria. Aínda existe un motivo máis sorprendente, que é a falta de interese por parte do candidato para acceder ao posto. Hai quen non sabe coller unha rozadora e quen non a quere coller.

Debido a estas situacións houbo que volver pedir máis candidatos e todo isto retrasou aínda máis o feito de que comezaran a traballar.

--Ás preguntas do Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto da senda peonil e ciclista en San Mamede de Ribadulla, di que aproveita para contestar ás distintas preguntas formuladas polos diferentes grupos políticos.

Contéstalle ao Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, que non pode facer máis demagogia en menos tempo. Di que esta é unha obra da Xunta de Galicia nunha estrada propiedade da Xunta de Galicia, que foi sacada pola Axencia galega de infraestruturas e é unha obra de carácter finalista e polo tanto os fondos están destinados para ese tipo de actuación concreta e non se poden destinar a sumidoiros ou abastecemento.

Esta obra está incluída dentro dun programa chamado “Estratexia de mobilidade alternativa de Galicia” creado para fomentar os sistemas de transporte alternativos aos motorizados que permitan minimizar as repercusións sobre o medio ambiente e os impactos sociais e económicos en Galicia.

O proxecto está exposto na propia páxina web da Xunta de Galicia.

Di que lle gustaría que eses cartos fosen destinados a outros temas máis prioritarios, como abastecemento e sumidoiros, pero eses son para o que son.

En canto ao custe da obra, sinala que primeiro habería que ver en canto queda a adxudicación da mesma, pero no custe vai incluído a obra, as expropiacións e as reposicións de todo o que afecte.

Para a Presidencia non é unha obra prioritaria, pero o goberno do concello xa se reunira, antes de formular a pregunta no pleno anterior, cos veciños afectados pola expropiación. Na primeira xuntanza que tiveron manifestaron o seu rexeitamento total á obra. O equipo de goberno valorou que non era unha obra prioritaria e reuníronse coa Xunta de Galicia para explicarlles a situación. Preguntaron se se podía realizar noutros lugares, onde fose máis necesaria e a resposta foi positiva. Solicitaron a paralización da obra e que asignaran eses cartos noutro lugar onde fose máis necesaria.

Agora mesmo a obra está paralizada e a Xunta de Galicia realizará outro proxecto para realizala noutro lugar.

2º.- Respecto do incendio en Trobe detrás o bar A Dorna, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que nestes momentos o grupo de goberno non ten constancia de cales foron as causas que provocaron o mesmo. En todo caso, os axentes forestais e a policía autonómica que estivo alí saberán as causas.

O concello foi avisado e acudiu ao mesmo coa retroescavadora e co camión contraincendios para colaborar na extinción do mesmo.

3º.- Respecto ao aumento da partida orzamentaria para as distintas asociacións do concello e que se lle dea máis publicidade ás distintas subvencións para as asociacións, o Sr. Vázquez Martínez contesta que o grupo de goberno é consciente de que que as axudas sempre son poucas, pero é a primeira convocatoria e a partires de agora irán vendo as necesidades reais e intentarán darlle a máxima publicidade posible a través dos medios que teñen ao seu alcance.



4º.- Respecto das facturas por consumo de electricidade na Casa da Irmandade, o Sr. Vázquez Martínez contesta que o concello vai asumir o importe desas facturas de electricidade.

5º.- Respecto do tema da intranet na páxina web do concello, a Presidencia di que é unha opinión do Sr. Lago Lestón.

6º.- Respecto de canto custou volver pintar o vagón de tren, a Presidencia sinala que non se volveu pintar. Nestes momentos están estudando integrar os graffitis e tratar de ver cal sería o custe desa actuación e se realmente se puidera introducir dentro do propio proxecto e cabida dentro da subvención de Agader; e o obxectivo é que estea operativo en setembro ou outubro como local de coworking.

7º.- Respecto aos datos sobre abastecemento e saneamento di que tan pronto como teña os datos responderá.

--Debido á ausencia do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia di que deixa a contestación ás súas preguntas para o seguinte pleno.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA a Presidencia contesta:

1º.- Respecto do informe sobre a legalidade da execución do sistema xeral adscrito ao solo urbanizable non delimitado no SUND-4 executado polo concello de Vedra, a Presidencia contesta que non se lembrou de miralo, e que o fará nos próximos días.

2º.- Respecto a cal é o organismo preceptivo para denunciar a modificación substancial das bases do concurso de subministro de iluminación pública, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Secretario que di que analizada a posibilidade na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e na Lei 31/2017, de 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e servizos postais, así como as competencias do Tribunal administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de recente creación, así como a posibilidade de que O Valedor do Pobo e outros órganos lle poidan delegar competencias para a resolución de recursos a este novo organismo mediante convenios, non ve físgoas para esa reclamación. Así mesmo, no asesoramento que solicitou ao respecto, tampouco lle deron solución, salvo a impugnación dos pregos ou adxudicación. Non obstante é un tema no que non considera que poida dar unha resposta definitiva, recomendando que o interesado intente pola súa parte acudir ao novo tribunal para que lle poidan dar a solución.

3º.- Respecto ao espazo en branco na estación de tren en Santa Cruz de Ribadulla para que Banksy faga o seu graffiti considera que é unha opinión.

4º.- Respecto ao motivo polo que o PP se negou a estudar no consello de contas a contratación dos traballos no arquivo municipal di que non lle corresponde a el contestala.

5º.- Respecto á pregunta sobre a FAEPAC di que está relacionada con outra pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, e que a contestará no seguinte pleno.

6º.- Respecto ao orzamento e proxecto do vial ciclista di que xa está contestada.

#### **4º.- Rogos e preguntas.**

--Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE pregunta:

1º.- Solicita máis información sobre o Plan de aforro enerxético sustentable (PAES).

2º.- Sobre a humanización das vías da Deputación, cónstalle que a Deputación está esperando que o concello presente un proxecto. Pregunta se xa o entregaron e para cando vai estar listo.



3º.- Pregunta se está feito o levantamento topográfico do camiño de Torrente.

A Presidencia contesta que o técnico xa foi alí a realizalo pero aínda non entregou.

4º.- Respecto á praza de tesoureiro/a do concello, que agora está cuberta provisionalmente, pregunta se pode dar unha data aproximada de cando se vai sacar ou se pensa deixalo para a seguinte lexislatura. Tamén pregunta que duración ten esa provisionalidade.

5º.- Quere saber se unha furgoneta do concello adquirida o ano pasado mediante unha subvención da Deputación de A Coruña foi roubada e con ela cometeron un roubo nunha estación de servizo.

A Presidencia resposta que é verdade e nestes momentos está o proceso en instrución xudicial e que se recuperou a furgoneta sen danos importantes.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE quere saber se o material do concello está ben custodiado e se se adoptan as medidas de seguridade suficientes pra tal fin.

6º.- Sobre os tellados dos muíños, se ben é certo que inflúe a contorna, o sentido da súa pregunta era que iso ten un peso sobre a estrutura dos mesmos e poden virse abaixo os tellados. Cre que lle deberían dar prioridade a esa actuación, porque despois a reparación podería supor un custe moito máis elevado logo da inversión feita no seu momento.

7º.- Pregunta cal é o nome da subvención finalista da senda peonil e ciclista en San Mamede, e dado que non era nin demandada pola veciñanza, propón que esa senda sexa para comunicar a casa de cultura de San Xián cos arredores da igrexa parroquial, tal e como lle solicitara que incluía no plan da Deputación.

--O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE pregunta:

1º.- Reitera que os lavadoiros, muíños, fontes, cruceiros, hórreos, etcétera son patrimonio cultural e está protexidos por Patrimonio e deberíanse manter e conservar.

2º.- Respecto da senda peonil e ciclista en San Mamede, pregunta quen fixo ese proxecto e cre que hai moitas outras zonas no concello con necesidades máis importante respecto á mobilidade.

3º.- Solicita de novo que fagan un concurso de graffitis con motivos do concello para o vagón de tren en Santa Cruz.

4º.- Roga que arranxen o panel publicitario do centro de saúde de Vedra, o cartel informativo da Casa do Sindicato en Vedra, a marquesiña que hai no Terrón en Illobre e botarlle unha ollada ás demais, e o panel publicitario da igrexa de Illobre.

5º.- Solicita que estuden a posibilidade de apertura do ximnasio municipal polas mañás.

6º.- A ANPA do CPI de Vedra solicitou no seu momento un local, e cre que mesmo se lle chegou a ofrecer un, pero a día de hoxe non o teñen. Pregunta que pasou con ese local e se realmente foi ofrecido á ANPA.

7º.- Pregunta que obras teñen pensado acometer no CPI de Vedra coa subvención de 350.000 € que a Xunta de Galicia comprometeu investir no centro, en que consiste a reforma e cando se vai realizar.

8º.- Pregunta se está proxectado construír un parque infantil en Vedra, cando se vai facer, onde se vai construír e cal é o seu custe.

--O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA pregunta:

1º.- Respecto da senda peonil e ciclista prevista en San Mamede de Ribadulla quere saber se o proxecto é a proposta do concello.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



A Presidencia contesta que cando lles comunican este programa, que é para estradas de titularidade da Xunta de Galicia, informa á administración que estuden tres posibilidades: Trobe, San Miguel e San Mamede, por este orde.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA entende que o proxecto non foi construído e redactado por iniciativa do concello. Se foi iniciado e licitado no ano 2017 pregunta se non tivo tempo o grupo de goberno para consultar antes cos veciños.

Solicita que o seguinte proxecto sexa consultado antes cos veciños e co resto dos partidos da corporación municipal.

2º.- Sobre a pregunta feita na comisión de contas sobre a subvención da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria concedida ao concello de Vedra para traballos de organización do arquivo municipal, parece ser que foi sometida a votación o cinco de marzo na comisión de cultura e educación e o PP votou en contra da mesma.

Solicita que o PP de Vedra consulte ao seu propio partido cal é o motivo para votar en contra de calquera pregunta respecto a este tema en calquera comisión.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas.